

Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e (entidade colaboradora) para a xestión e realización das actividades do programa da Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais ao amparo dos fondos NextGenerationEU e o Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241.

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en nome e representación da Axencia Galega das Industrias Culturais con NIF Q6550009B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, en calidade de presidente do Consello Reitor no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais modificado polo Decreto 53/2021, do 18 de marzo, polo que se modifica o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Doutra parte, María Sandra Ortega Mera, en nome e representación da entidade Fundación Paideia Galiza, con NIF G15798655, na súa condición de Presidenta do Padroado da Fundación en virtude das facultades emanadas do nomeamento realizado polo Padroado da entidade na súa reunión do 9 de setembro do 2013 consonte ás atribucións que lle outorgan os Estatutos e a escritura de constitución da entidade, outorgada o 30 de xullo de 2001 ante notario da Coruña D. Francisco Manuel Ordoñez Armán baixo o número 1983 da orde do seu protocolo.

Ambas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, e recoñécense mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e para o efecto,

MANIFESTAN:

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais está a desenvolver diferentes programas de impulso no ámbito das industrias culturais e creativas co obxectivo de situar a Galicia como un referente na xeración de bens e servizos culturais cun alto valor innovador que permita incrementar a súa competitividade a nivel global e posibilitar un crecemento das empresas galegas en toda a cadea de valor do ámbito cultural.

Segundo. Que a Axencia Galega das Industrias Culturais traballa no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e o seu compoñente 24 "Revalorización da industria cultural", que recolle reformas e investimentos orientadas a fortalecer a cadea de valor das industrias culturais españolas promovendo tres eixes estratéxicos: a competitividade, a dinamización e cohesión do territorio, e a dixitalización e sustentabilidade dos grandes servizos culturais, desenvolve unha liña de traballo acorde con devandito compoñente e o proxecto C.24.I1.P1.2 "Apoio a aceleradoras culturais".

Terceiro. O programa de Aceleración Cultural de Proxectos Musicais é un programa de aceleración empresarial e está dirixido a proxectos emprendedores no ámbito da música, polo que as persoas ou entidades beneficiarias deberán ser novas empresas, físicas (autónomas) ou xurídicas, con menos de catro anos de existencia, desde o seu inicio de actividade en calquera dos ámbitos da cadea de valor da industria musical con sucursal ou oficina permanente na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a área Económica Europea e que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia. Tamén poderán ser beneficiarias as persoas físicas co compromiso de que formalizarán a súa constitución como empresa antes do inicio do proceso de aceleración, unha vez aceptada a súa condición de persoa beneficiaria para participar no programa.

Cuarto. A entidade Fundación Paideia Galiza conforme á resolución da Agadic de data 13 de decembro de 2022 resultou seleccionada como entidade colaboradora na xestión e realización do programa da Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais.

Quinto. Ambas partes, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir unha

mellor prestación dos servizos ás persoas e entidades beneficiarias do programa e, de conformidade cos artigos 9 e 13 de Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto da colaboración*

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a xestión dos fondos destinados ás persoas e entidades beneficiarias nas accións e actividades que comprenden o programa Aceleración Cultural de Proxectos Musicais que serán seleccionados, por concorrencia competitiva, entre os solicitantes da convocatoria pública que se realizará para o efecto, co fin de fortalecer e impulsar o sector profesional da música en Galicia.

Esta aceleración consta de dúas fases: unha primeira fase de aceleración e unha segunda fase de promoción e mercados.

Segunda. *Entidade colaboradora*

A Fundación Paideia Galiza é unha entidade colaboradora que cumpre cos artigos 3 e 6 da resolución pola que se convoca o procedemento de selección de entidades colaboradoras para a xestión das actividades destinadas a desenvolver o programa Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais, incluído como parte das liñas de actuación do compoñente 24 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Terceira. *Obrigas da entidade colaboradora*

A entidade colaboradora, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do establecido na resolución pola que se convoca o procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a xestión e desenvolvemento das actividades do programa, ten as seguintes obrigas:

1. Desenvolver as actividades que forman parte do programa da Aceleradora

Cultural de Proxectos Musicais cara ás persoas beneficiarias da convocatoria. Estas actividades consisten en:

a) Contribuír á selección das persoas e entidades participantes na aceleración. A entidade colaboradora participará, xunto á comisión de valoración creada para o efecto, para a valoración das solicitudes da convocatoria pública que seleccionará ás persoas participantes na aceleración, achegando un informe de cada proxecto, consistente nunha análise sistemática e unha diagnose artística e instrumental.

b) Organizar a fase I de aceleración. A aceleración consiste nunha etapa individualizada e/ou grupal para o desenvolvemento das actividades da aceleración en forma presencial e/ou telemática.

Os servizos da aceleración consisten en:

✓ Consultaría e *mentoring* en diferentes ramas do negocio musical, preparados *ad hoc* para cada proxecto, estes temas poden ser relacionados coa proposta artística, produción, promoción e comercialización ou o modelo de negocio, entre outros.

✓ Consultaría de aceleración intensiva consistente en: mentorización na creación e gravación dun produto musical e o deseño dun plan estratéxico de lanzamento do produto musical ou plan de negocio.

c) Organizar a fase II Promoción e mercados.

Esta fase componse de diferentes actividades:

✓ Participación en circuítos de concertos, festivais e espazos profesionais da industria musical, a nivel galego e nacional: dúas accións por proxecto acompañados de profesionais de ampla experiencia no sector da música sendo as actividades acordes co perfil dos proxectos seleccionados.

✓ Desenvolvemento dun evento final de presentación de proxectos con *networking* e *speedmeetings*. Exposición pública de proxectos para o que se reservará un tempo de consultaría específico.

✓ Selección e asistencia a foros profesionais e programas en medios de comunicación.

En todo caso a entidade colaboradora será unha intermediaria na xestión da aceleradora e non realizarán funcións decisorias que comporten o exercicio de potestades administrativas

2. Ser a depositaria dos fondos para sufragar os custos de todas as actividades que conforman o programa da Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais, sen que en ningún caso estes fondos se consideren integrantes do seu patrimonio. A entidade colaboradora recibirá os fondos destinados a esta acción dos orzamentos da Agadic e ocuparase de xestionar o cofinanciamento necesario para levar a cabo o programa.

3. Xestionar, controlar e supervisar o correcto destino dos fondos depositados na conta para o programa e, de ser o caso, coas instrucións específicas dadas por Agadic.

4. Informar puntualmente da execución contable do programa, coa finalidade de realizar un seguimento continuo.

5. Reintegrar os fondos públicos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da participación no programa e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Cumprir, en materia de protección de datos, co Regulamento (UE) núm. 2016/678 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

7. Dispoñer de libros e rexistros contables para facilitar a adecuada xustificación dos fondos e a comprobación das condicións establecidas.

8. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable idóneo que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes ás actuacións realizadas.

9. Cumprir cos requisitos e obrigas impostos pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, particularmente, co disposto nos seus artigos 10 e 12, así como polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

10. Someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión, así como ás comprobacións da Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a fraude (OLAF), o Tribunal de Contas da Unión Europea, e aos controis derivados do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia, que se realicen a través de autoridades nacionais ou europeas, facilitando canta información e documentación lle sexa requirida.

11. Dar publicidade, en todas as accións, materiais, contratos de servizos ou outros relacionados coa execución da actuación da orixe e o financiamento do programa con fondos NexGeneration de la Unión Europea. Ademais, deberán publicar a concesión da compensación económica na páxina web. Na páxina web deberán figurar, ademais do convenio, como mínimo, os obxectivos do proxecto e as actuacións para desenvolver. Concretamente, na documentación, carteis, propaganda ou publicacións que se elaboren para a súa difusión pública deberá figurar o logotipo da Xunta así como financiado con cargo aos Fondos da UE e o Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Así mesmo, deberá informarse que foi apoiado pola Xunta de Galicia.

As instrucións detalladas relativas ás obrigas de publicidade da axuda estarán a disposición na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (<http://www.agadic.gal>).

Cuarta. *Obrigas da Agadic*

A Axencia Galega das Industrias Culturais previo ao comezo do programa, deberá liberar o crédito necesario para realizar o pago total do custo das actividades que compoñen o programa da Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais.

Definir a imaxe do programa en todos os soportes físicos e dixitais.

Compensar os gastos en que incorra a entidade colaboradora ao amparo do artigo 13. m) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta. *Operativa da xestión do programa*

O programa de Aceleración Cultural de Proxectos Musicais consiste no acompañamento ás persoas e entidades seleccionadas do sector musical para acelerar o proxecto musical presentado desde unha perspectiva profesional, empresarial e mercantil.

Agadic realizará unha convocatoria pública para a selección dun máximo de 12 persoas e/ou entidades que serán as beneficiarias deste programa de Aceleración Cultural de Proxectos Musicais, conforme aos criterios que, pertinentemente, se establezan na devandita convocatoria. O número mínimo para que o programa se realice será de catro participantes.

A entidade colaboradora deseñará as programacións da fase I de aceleración e a fase II promoción e mercados, para realizar as actividades que se sinalan na cláusula terceira deste convenio. No caso de que a entidade subcontrate parcialmente as actuacións obxecto do convenio fóra das súas funcións de intermediación, supervisión e control deberá respectar o establecido no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na seguinte táboa figuran os custos máximos admisibles, que deberán responder a prezos de mercado, por concepto de gasto que abarcan o total do programa da Aceleradora Cultural de Proxectos Culturais:

ACELERADORA CULTURAL DE PROXECTOS MUSICAIS

| FASE I. ACELERACIÓN | | | | |
|------------------------------------------------------|------------------|--------------------|-------------------|---------------------|
| CONCEPTO DE GASTO | Nº. PROXECTOS | HORAS/ ACCIONES | CUSTO UNITARIO | TOTAL |
| Consultoría individual e grupal | 12 | 6 horas | 140 € | 10.080 € |
| Consultoría de produción | 12 | 20 horas | 170 € | 40.800 € |
| Creación e gravación de produto musical | 12 | 24 horas | 170 € | 48.960 € |
| Deseño do plan de negocio | 12 | 24 horas | 140 € | 40.320 € |
| SUBTOTAL FASE I | | | | 140.160 € |
| FASE II. PROMOCIÓN E MERCADOS | | | | |
| Participación en circuítos, festivais e eventos | 12 | 24 accións | 2.000 € | 48.000 € |
| Evento final de presentación de proxectos | 12 | 1 evento | 30.000 € | 30.000 € |
| Campaña de difusión do programa | | | | 6.000 € |
| SUBTOTAL FASE II | | | | 84.000 € |
| TOTAL ACELERACIÓN CULTURAL PROXECTOS MUSICAIS | | | | 224.160 € |

Estes conceptos de gasto, ao ser unha previsión, poden sufrir variacións de tal forma que incrementen ou diminúan o importe establecido, sen que iso supoña alteracións da finalidade para a que foron concibidos e sempre que non se modifique o importe total destinado á actuación.

A entidade colaboradora implementará o desenvolvemento das actividades segundo a proposta técnica remitida na selección de entidade colaboradora, coas achegas e

suxestións que poida realizar Agadic en todo momento para o correcto desenvolvemento e consecución do fin que se persegue con esta iniciativa.

Finalizado o programa, a entidade colaboradora entregará unha memoria cos resultados, individualizados, do mesmo, e realizará unha enquisa de satisfacción entre os participantes.

A porcentaxe de cofinanciamento máximo de conformidade co Regulamento xeral de exención de categorías (Regulamento (UE) 651/2014) será do 80 % do custo da actividade polo que o financiamento proveniente da Agadic non poderá superar esta intensidade.

Sexta: Compensación económica

A entidade colaboradora recibirá unha compensación económica do 80% dos gastos de xestión, seguimento e control das actividades que conforman o programa Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais, por importe máximo de 60.000 euros con cargo á aplicación 10.A1.432B.770.1, código de proxecto 2022.0001 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia coa seguinte distribución:

Anualidade 2022: 10.000 euros

Anualidade 2023: 50.000 euros

Estes importes están financiados ao 100% polos fondos de NextGenerationEU a través do Mecanismo europeo de recuperación e resiliencia establecido polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de recuperación da Unión Europea para apoio da recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia. O dito financiamento queda legalmente vinculado á realización das actuacións subvencionadas, medidas integradas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España.

De conformidade co disposto no artigo 72 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, o Consello da Xunta poderá autorizar a exención de constitución de garantías ás entidades colaboradoras.

Esta compensación económica, está destinada a sufragar os custos derivados da execución (xestión, seguimento e control) do programa da Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais, sendo os gastos elixibles todos aqueles conceptos cuxa natureza respondan de maneira indubidable ás actividades obxecto deste convenio que non poderán ser superiores ao valor de mercado, tales como: persoal; informe técnico para a valoración dos proxectos das persoas ou entidades solicitantes; desprazamentos; aloxamento e manutención, de ser o caso, por asistencia a eventos vinculados co desenvolvemento do proxecto (o custo por aloxamento e manutención non poderá superar os 150 €/día e para os gastos de desprazamento cando sexa en vehículo particular calcularase a razón de 0,19 €/km.); gastos dunha liña de teléfono en exclusiva para o proxecto para o tempo de duración do mesmo; gastos en adquisición de equipamento ou material vinculados directamente ao desenvolvemento do proxecto e necesarios para a súa execución que non supoñan incremento patrimonial; gastos pola utilización de medios propios, instalacións e equipos necesarios para a execución de proxecto; gastos por custos indirectos que serán calculados a un tipo fixo de ata o 15% dos custos directos de persoal subvencionable seguindo o establecido nos artigos 67 e 68.1.b) do Regulamento (UE) 1303/2013.q.

Con todo, non serán tidos en conta os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda, en cumprimento do artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Esta compensación é incompatible con calquera axuda, subvención, ingreso ou recurso para o mesmo fin obxecto do convenio.

A entidade colaboradora, unha vez asinado o convenio, poderá solicitar pagos a conta polos traballos realizados, do importe da compensación, ata o 80% do mesmo, sen constituír garantía algunha, despois da aprobación do Consello da Xunta de Galicia en aplicación do artigos 72.2 do Decreto 11/2009, Regulamento da Lei de subvencións de

Galicia.

Sétima. Protección de datos

1. Os datos persoais solicitados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Agadic- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da compensación económica a través deste convenio.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poder públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.
4. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
5. Así mesmo, a entidade conveniente someterase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e coas demais disposicións vixentes na materia.

6. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase á normativa europea, en particular:

- Na futura documentación de cada proxecto (materiais de promoción e distribución) deberá figurar «coa colaboración da Xunta de Galicia», utilizando as súas marcas principais:

<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-principal>

Ademais, en todas as medidas de información, comunicación e publicidade das actuacións como poden ser: carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc.), deberanse incluír mencionando expresamente a súa procedencia e financiamento con fondos NextGenerationEU da Unión Europea e o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Oitava. Prazo de duración

O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa firma e os seus efectos estenderanse ata o 30 de outubro do 2023.

Novena. Modificación e interpretación do convenio

1. O presente convenio poderá estar suxeito a modificación sempre que non se altere a finalidade e esencia do mesmo. As partes, de mutuo acordo, poderán determinar os cambios que se consideren necesarios para a mellor execución do programa de aceleración musical. Para iso, crearase unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada parte asinante, cuxos acordos serán executivos.

2. As cuestións xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio que non alcancen acordo entre as partes serán resoltas por Agadic e os seus acordos poñerán fin á vía administrativa.

Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun

mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou poderá interpoñerse directamente ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se o devandito acto for expreso. Se non o for, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décima. Resolución, reintegro e gradación dos incumprimentos do convenio

Son causas de resolución deste convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordase a súa prórroga.
- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) O incumprimento total ou parcial das estipulacións contidas nas cláusulas ou no articulado da orde pola que se convoca o procedemento de selección de entidades colaboradoras, sen prexuízo da tramitación dos compromisos adquiridos con anterioridade sobre expedientes de axudas en curso.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.

Para os efectos do reintegro das subvencións, aplicarase o disposto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Neste sentido, a entidade colaboradora procederá ao reintegro total ou parcial da axuda e aos xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pago ata a data en que se acorde a orixe do reintegro nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da devandita Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada Lei e no

Decreto 11/2009.

Consideraranse incumpridos os obxectivos do convenio cando non se xustifique, polo menos, o 60% dos custos previstos no mesmo. O alcance do incumprimento determinarase en proporción ao investimento deixado de practicar ou practicado indebidamente, e minorarase proporcionalmente a achega pública.

Nos seguintes casos de incumprimento reducirase a intensidade da compensación económica da seguinte maneira:

a) Se se incumprise a obriga de dar publicidade do financiamento do proxecto, conforme o establecido nesta resolución, aplicarase un factor de corrección do 2%.

b) Se se incumprisen as tarefas, compromisos, obxectivos ou condicións do proxecto, dando lugar a un informe final negativo, o incumprimento valorarase en función deste e supoñerá a aplicación dun factor de corrección igual a porcentaxe de incumprimento sinalada no informe técnico.

A concorrencia de distintas causas de incumprimento dará lugar á apreciación conxunta destas, aplicando á intensidade da axuda o factor que resulte do produto de todos os factores de corrección. No caso de que algún dos factores de corrección sexa negativo, a intensidade da axuda será cero.

A aplicación do factor de corrección realizarase coa revisión da xustificación da última anualidade e, de ser o caso, requirirase a entidade colaboradora para que proceda á devolución dos fondos percibidos indebidamente. A falta de devolución destes nos prazos requiridos dará lugar á incoación do expediente de reintegro nos termos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009.

No caso das condicións que constitúan obrigas que a entidade colaboradora deba acreditar na fase de xustificación (obrigas de publicidade, comunicación doutras axudas, etc.), estas deberán xustificarse en todo caso para proceder ao pago, polo que a gradación fixada neste punto soamente resultará aplicable para supostos de reintegro, no caso de que se detecten en controis posteriores ao pago por algún

incumprimento relativo a estas obrigas.

Décimo primeira. *Xustificación e pago*

A entidade colaboradora xustificará ante Agadic a realización das actividades propostas no programa da Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais, para o que deberá remitir:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas coa inclusión dos logotipos da Xunta de Galicia e do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas e dos gastos derivados da xestión, seguimento e control do programa que, polo menos, conterà:

- Unha relación clasificada de gastos de todas as actividades, con identificación do acreedor (denominación e NIF), núm. de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pago (transferencia, etc.), data de pago e importe.

- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pago.

- En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pago -xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC, TC1)- así como as retencións de IRPF. Para estes efectos, terán a consideración de gasto realizado en prazo, os ingresos á conta do IRPF ou cotas da Seguridade Social liquidables con posterioridade á data de execución. O importe destes ingresos e cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto no que se reflecta o importe da retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos do pago no prazo máximo de dous

meses contados desde a presentación das liquidacións correspondentes.

- Unha memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades: desviacións ou variacións económicas realizadas con respecto ás partidas inicialmente orzadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria; en caso de gastos relativos a aloxamento, mantemento, viaxes, traslados..., de ser o caso, débese especificar nesta memoria a relación de persoas ás que se refiren os gastos e da súa relación coa actividade subvencionada e todas aquelas cuestións que se considere precisen explicación.

3. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade colaboradora, de ser o caso.

4. A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, nese caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relaciona:

- A acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento da súa obriga tributaria, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

5. Certificado ou documentación pertinente do organismo competente de exención ou suxeición á obriga de declarar o IVE.

En canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pago deberán entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada. A documentación correspondente á xustificación presentarse de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa por parte da entidade beneficiaria finaliza o 28 de decembro de 2022, para a anualidade 2022 e o 1 de novembro para anualidade de 2023.

7. Unha vez recibida a documentación xustificativa e realizadas as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade obxecto deste convenio polos órganos competentes da Axencia, procederase ao seu pago.

8. Se por algunha circunstancia, o programa tivese que ser cancelado por motivos alleos á entidade colaboradora, as partes, de mutuo acordo, determinarán os gastos efectuados susceptibles de ser xustificados ata o momento en que se decide a súa cancelación, dando lugar á resolución do convenio.

Décimo segunda. *Natureza xurídica e xurisdición competente*

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo terceira. *Réxime xurídico*

Para todo o non previsto neste convenio observarase a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como as restantes normas xerais de dereito administrativo.

Así mesmo, réxense polas normas comunitarias aplicables por razón do financiamento pola Unión Europea e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición destas. En particular, seralles de aplicación, entre outras:

a) Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia

b) Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xullo de 2018 sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) núm. 1309/2013, (UE) núm. 1316/2013, (UE) núm. 223/2014 e (UE) núm. 283/2014 e a Decisión núm. 541/2104/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) núm. 966/2012 e a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

c) Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

d) Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, por lle que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

e) Disposición adicional primeira da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2021.

f) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

g) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

h) Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

i) Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

En proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes asínano e rubricano, no día e data da firma dixital

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2022

Román Rodríguez González
Presidente do Consello Reitor
Axencia Galega das Industrias Culturais

Maria Sandra Ortega Mera
Presidenta do Padroado
Fundación Paideia Galicia